

Mércores, 17 de xuño de 2026

Núm. 114

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Persoal, oposicións

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE ASESOR/A XURÍDICO/A DO CONCELLO DE MEIS, CON CARÁCTER TEMPORAL POR PRÓXIMA VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE ASESOR/A XURÍDICO/A DO CONCELLO DE MEIS, CON CARÁCTER TEMPORAL POR PRÓXIMA VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

Na Resolución de Alcaldía nº 2026-0401, de 11 de xuño de 2026, aprobáronse as bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de Asesor/a Xurídico/a do Concello de Meis, con carácter temporal, para a cobertura da vacante que se producirá con efectos do día 30 de xuño de 2026 como consecuencia da excedencia voluntaria da persoa que actualmente desempeña o posto, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que superen o proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo será de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases reguladoras.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, na data da sinatura electrónica. A Alcaldesa – Asdo. Marta Giráldez Barral.

